



ACORDOS DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 2 DE XUÑO DE 2020.

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

CARMELA PRIETO CAL

MAGDALENA PEREZ VILLAR

JESUS ROMERO CARRACELAS

AUSENTES:

Escusa a súa asistencia MANUEL PEREZ RIOLA

SECRETARIA:

ANA VELO RUIZ

INTERVENTORA:

MARIA CARMEN MENENDEZ ARES

O día 2 de xuño de 2020, sendo ás 14:05 horas, reúnense os membros da Xunta de Goberno Local arriba relacionados co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria, mediante medios electrónicos e telemáticos (videoconferencia), de acordo coa convocatoria realizada pola Alcaldía-Presidencia ao abeiro do previsto no novo apartado 3 engadido ó artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local pola Disposición final segunda do Real Decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ó COVID-19, publicado no BOE nº 91 de 1 de abril de 2020.

Actúa como Secretaria a titular da Corporación, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto, así como do cumprimento dos restantes requisitos esixidos polo artigo 46.3 da Lei 7/1985 do 2 de abril para a válida realización das sesións por medios electrónicos e telemáticos.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DE DATA 19.05.2020

Acordos adoptados:

1. Aprobación da acta da sesión realizada en data 19.05.2020.

2. MODIFICACIÓN DA LICENZA DE OBRA MAIOR Nº 2013/U008/000013

Acordos adoptados:



1º) Aprobar as modificacións contempladas na documentación final de obra presentada relativa á licenza de obra maior (exp. 2013/U008/000013), de construción dunha estación de servizo no Parque Empresarial de A Trabe, Cedeira.

2º) Que se dilixencie a documentación presentada xustificativa das modificacións levadas a cabo.

3º) Notificar o presente acordo á persoa interesada, así como dar traslado ao órgano emisor do ditame de incidencia ambiental e a Xestur.

3. LICENZA DE EDIFICACIÓN 2019/U022/000010

Acordos adoptados:

1º) Conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, a licenza municipal de edificación solicitada.

A presente licenza concédese coas condicións citadas no informe técnico de data 06/03/2020.

2º) As obras executaranse de acordo co proxecto autorizado no encabezamento.

3º) Advertir ao propietario/a ou promotor/a que a concesión da licenza outorgase sen prexuízo do cumprimento da normativa ditada durante o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

4º) Advertir ao propietario/a ou promotor/a que, unha vez rematadas as obras, deberá comunicar ao Concello este feito e presentar perante a Xerencia Territorial do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributario ou neste Concello que, á súa vez, remitirá a documentación de acordo coa lexislación vixente.

De conformidade co disposto no artigo 4.2 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións, obras e instalacións, deberá presentar a autoliquidación do referido imposto no prazo de un mes a contar desde a recepción da notificación do presente acordo, a autoliquidación que terá carácter provisional.

5º) Que se dilixencie o proxecto técnico obxecto desta licenza e os planos que se refiran ás condicións urbanísticas.

6º) Incluir na notificación do acordo as condicións xerais da licenza aprobadas na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o 25 de setembro de 2007.

4. LICENZA DE EDIFICACIÓN 2019/U022/000012

Acordos adoptados:

1º) Conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, a licenza municipal de edificación solicitada.

A presente licenza concédese coas condicións citadas no informe técnico de data 21/05/2020.

2º) As obras executaranse de acordo co proxecto autorizado no encabezamento.



3º) Advertir ao propietario/a ou promotor/a que a concesión da licenza outorgase sen prexuízo do cumprimento da normativa ditada durante o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

4º) Advertir ao propietario/a ou promotor/a que, unha vez rematadas as obras, deberá comunicar ao Concello este feito e presentar perante a Xerencia Territorial do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributario ou neste Concello que, á súa vez, remitirá a documentación de acordo coa lexislación vixente.

De conformidade co disposto no artigo 4.2 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións, obras e instalacións, deberá presentar a autoliquidación do referido imposto no prazo de un mes a contar desde a recepción da notificación do presente acordo, a autoliquidación que terá carácter provisional.

5º) Que se dilixencie o proxecto técnico obxecto desta licenza e os planos que se refiran ás condicións urbanísticas.

6º) Incluir na notificación do acordo as condicións xerais da licenza aprobadas na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o 25 de setembro de 2007.

5. LICENZA DE EDIFICACIÓN 2019/U022/000019

Acordos adoptados:

1º) Conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, a licenza municipal de edificación solicitada.

A presente licenza concédese coas condicións citadas no informe técnico de data 27/02/2020, non podendo dar comezo das obras ata a presentación e comprobación do Proxecto de Execución, o cal deberá achegar con carácter previo ao inicio das mesmas.

2º) As obras executaranse de acordo co proxecto autorizado no encabezamento.

3º) Advertir ao propietario/a ou promotor/a que a concesión da licenza outorgase sen prexuízo do cumprimento da normativa ditada durante o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

4º) Advertir ao propietario/a ou promotor/a que, unha vez rematadas as obras, deberá comunicar ao Concello este feito e presentar perante a Xerencia Territorial do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributario ou neste Concello que, á súa vez, remitirá a documentación de acordo coa lexislación vixente.

De conformidade co disposto no artigo 4.2 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións, obras e instalacións, deberá presentar a autoliquidación do referido imposto no prazo de un mes a contar desde a recepción da notificación do presente acordo, a autoliquidación que terá carácter provisional.

5º) Que se dilixencie o proxecto técnico obxecto desta licenza e os planos que se refiran ás condicións urbanísticas.

6º) Incluir na notificación do acordo as condicións xerais da licenza aprobadas na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o 25 de setembro de 2007.



6. LICENZA DE EDIFICACIÓN 2020/U022/000002

Acordos adoptados:

1º) Conceder a excepcionalidade, en cumprimento do Decreto 29/2010, de Habitabilidade de vivendas de Galicia, e dar traslado do acordo á Dirección Xeral do IGVS, das seguintes determinacións das NHV:

- I.A.2.4.1 Alturas libres mínimas. Entre pavimento e teito rematados. Resto da vivenda.
- I.A.2.4.1 Alturas libres mínimas. Entre forxados de solo e teito.
- I.A.3.3. Espazos de comunicación. Portas de paso. Largo libre mínimo.

2º) Conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, a licenza municipal de edificación solicitada.

A presente licenza concédese coas condicións citadas no informe técnico de data 08/05/2020.

3º) As obras executaranse de acordo co proxecto autorizado no encabezamento.

4º) Advertir ao propietario/a ou promotor/a que a concesión da licenza outorgase sen prexuízo do cumprimento da normativa ditada durante o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

5º) Advertir ao propietario/a ou promotor/a que, unha vez rematadas as obras, deberá comunicar ao Concello este feito e presentar perante a Xerencia Territorial do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributario ou neste Concello que, á súa vez, remitirá a documentación de acordo coa lexislación vixente.

De conformidade co disposto no artigo 4.2 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións, obras e instalacións, deberá presentar a autoliquidación do referido imposto no prazo de un mes a contar desde a recepción da notificación do presente acordo, a autoliquidación que terá carácter provisional.

6º) Que se dilixencie o proxecto técnico obxecto desta licenza e os planos que se refiran ás condicións urbanísticas.

7º) Incluir na notificación do acordo as condicións xerais da licenza aprobadas na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o 25 de setembro de 2007.

7. LICENZA DE EDIFICACIÓN 2020/U022/000008

Acordos adoptados:

1º) Conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, licenza definitiva para a actividade de "Estación de Servizo" no Parque Empresarial de A Trabe, deste termo municipal.

2º) Notificar o presente acordo á persoa interesada.

3º) Dar traslado do presente acordo ao órgano emisor do ditame de incidencia ambiental.



9. APROBACION RELACION DE FACTURAS F-2020-22

Acordos adoptados:

Primeiro.- Autorizar e dispoñer os gastos que se relacionan de seguido, e recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes, xuntando nun so acto as tres fases de execución do gasto a que se refire o artigo 67.1.b) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, prestar aprobación ás facturas e os xustificantes que se citan, ordear o pago e que pola Tesourería Municipal se proceda o seu pagamento e contabilización con cargo ás partidas orzamentarias que se indican:

Nº REX.	DATA FRA.	TEXTO EXPLICATIVO	PRG	EC	IMPORTE
F/2020/610	11/02/2020	LIQUIDACION PROVISIONAL NAO 2020-49 PRAZAS	3231	45100	22.050,00 €
F/2020/904	30/04/2020	RECOGIDA de RSU, y LIMPIEZA VIARIA MES DE ABRIL DE 2020	1621	22700	35.538,11 €
F/2020/1078	30/04/2020	Tratamento RU Mes Abril 2020 (AYUNTAMIENTO DE CEDEIRA)	1623	22799	14.307,19 €
				TOTAL	71.895,30 €

10. RECURSO RECIBO VAO Nº 02.2019

Acordos adoptados:

PRIMEIRO.- ANULAR o seguinte recibo, por non producirse o feito imponible:

Nº FIXO	ID. VALOR	COTA (€)
503000422352	20193515022EN01R000027	30,00

SEGUNDO.- RECOÑÉCER O DEREITO Á DEVOLUCIÓN da cantidade anulada dos recibos que xa foron aboados.

TERCEIRO.- COMUNICAR estes acordos á Excm. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e a tramitación oportunos.

11. RECURSO BAIXA LIXO - NON HABITABLE Nº 54.2019

Acordos adoptados:

PRIMEIRO. DAR A BAIXA temporal no padrón do lixo o número fixo que se indica de seguido, para os exercicios 2018, 2019 e 2020.

Nº FIXO
253000645587



SEGUNDO. ANULAR o recibo emitido pola taxa de recollida de residuos no exercicio 2018 e 2019 para o número fixo dado de baixa. Os datos dos recibos son:

ID_VALOR	Nº FIXO	COTA (€)
20183515022RL01R004752	253000645587	47,00
20193515022RL01R003377	253000645587	47,00

TERCEIRO.- RECOÑECER O DEREITO Á DEVOLUCIÓN das cantidades correspondentes os recibos anulados e que se atopan aboadas.

CUARTO.- COMUNICAR estes acordos á Excm. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e a tramitación oportunos.

12. MODIFICACIÓN RECIBO LIXO - CESE ACTIVIDADE Nº 55.2019

Acordos adoptados:

PRIMEIRO.- ESTIMAR a solicitude da interesada e dar de baixa o seguinte rexistro do Padrón fiscal da Taxa pola Recollida do Lixo por non producirse o feito imponible. A baixa terá efecto en tanto se manteñan as circunstancias que a provocan:

Nº FIXO	COTA (€)
253000747879	140,00

SEGUNDO.- ESTIMAR a reclamación da interesada e MODIFICAR o seguinte recibo por non ser correcta a cota tributaria:

NÚMERO FIXO		253000747879		
EXERCICIO	ID_VALOR	Cota aboada	Cota correcta (3 trimestres)	Contía a devolver
2019	20193515022RL01R002180	140,00 €	105,00 €	35,00 €

TERCEIRO.- RECOÑECER O DEREITO Á DEVOLUCIÓN das cantidades correspondentes os recibos anulados e que se atopan aboadas.

CUARTO.- COMUNICAR estes acordos á Excm. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e a tramitación oportunos.

13. RECURSO RECIBO LIXO Nº 56.2019

Acordos adoptados:

PRIMEIRO. ANULAR o seguinte recibo, por non producirse o feito imponible:



Nº FIXO	ID. VALOR	EXERCICIO	COTA (€)
253000776560	20193515022RL01R000763	2019	65,00

SEGUNDO. RECOÑECER O DEREITO Á DEVOLUCIÓN das cantidades correspondentes aos recibos anulados e que se atopen aboadas.

TERCEIRO. COMUNICAR estes acordos á Excm. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e a tramitación oportunos.

14. MODIFICACIÓN RECIBO LIXO - CESE ACTIVIDADE Nº 57.2019

Acordos adoptados:

PRIMEIRO.- ESTIMAR a solicitude do interesado e dar de baixa o seguinte rexistro do Padrón fiscal da Taxa pola Recollida do Lixo por non producirse o feito impositivo. A baixa terá efecto en tanto se manteñan as circunstancias que a provocan:

Nº FIXO	COTA (€)
253000646883	448,40

SEGUNDO.- ESTIMAR a reclamación do interesado e MODIFICAR o seguinte recibo por non ser correcta a cota tributaria:

NÚMERO FIXO		253000646883			
EXERCICIO	ID_VALOR	Cota aboada	Cota correcta (2 trimestres)	Contía a devolver	
2019	20193515022RL01R001942	448,40 €	224,20 €	224,20 €	

TERCEIRO.- RECOÑECER O DEREITO Á DEVOLUCIÓN das cantidades correspondentes os recibos anulados e que se atopen aboadas.

CUARTO.- COMUNICAR estes acordos á Excm. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e a tramitación oportunos.”

15. ASUNTOS VARIOS

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 14:15 horas do expresado día.